



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia no acto de entrega da Medalla de Ouro de Galicia, a título póstumo, a Ceferino Díaz

Parlamento de Galicia, 11 de novembro de 2013 // 19.00 h.

Presidente da Xunta de Galicia
Ex presidentes da Xunta de Galicia
Ex presidente do Parlamento
Alcalde de Santiago de Compostela
Membros da Mesa do Parlamento e portavoces dos grupos parlamentarios
Deputados e ex deputados do Parlamento de Galicia
Familia de D. Ceferino Díaz
Autoridades
Señoras e señores:

Quero comezar dando as grazas dobremente: ao presidente da Xunta por elixir o Parlamento de Galicia para facer entrega solemne da Medalla de Ouro de Galicia, a título póstumo, a Don Ceferino Díaz e Díaz, acto aprazado, como saben, por mor da traxedia de Angrois, que nos encolle o corazón cada vez que a recordamos; e grazas, a todos vostedes por nos acompañaren nesta cita emotiva e solemne.

Creo sinceramente que poucos lugares resultan máis acaídos que o Parlamento de Galicia para acoller o acto que nos convoca, xa que Ceferino Díaz foi deputado nesta Cámara durante catro legislaturas, entre decembro de 1981 e agosto de 1997. E coido que o outorgamento desta Medalla moito ten que ver con esta condición.

El foi un dos deputados pioneiros que formaron parte do primeiro Parlamento de Galicia e sempre se sentiu orgulloso de tal feito, do mesmo xeito que sempre fixo gala dun espírito nobre, comprometido na procura do máis amplo consenso



político, aberto ao diálogo, e disposto a prestixiar o autogoberno e a esta Cámara nun tempo en que todo, ou case todo, estaba por facer.

Esas eran as súas prioridades e ese é o seu importante legado.

Nunha época diferente, como a que nos toca vivir, gustaríame que todos puidesemos impregnarnos dese espírito de Ceferino. É o meu desexo:

- para aprender a ollarnos como adversarios políticos, nunca como inimigos;
- para aprender que sempre hai espazo para o entendemento;
- para interiorizar que, por riba de todo, nos debemos aos cidadáns;
- e para comprender que, ao sermos elixidos, recibimos tamén un mandato de concordia.

E quero, para rematar, compartir con vostedes a lembranza da derradeira ocasión que estiveren con Ceferino Díaz, porque coido que describe perfectamente o seu alto sentido da responsabilidade e o enorme aprecio que lle dispensaba a esta institución.

En novembro de 2011, no marco das celebracións do 30 aniversario do Parlamento de Galicia, na homenaxe que organizamos neste mesmo lugar aos exdeputados e exdeputadas da Cámara, Ceferino acudiu ao acto. Achegouse a min e contoume que viña do Hospital, onde pedira permiso expresamente para poder acompañarnos; tal era o seu interese. E lémbrome perfectamente porque aínda traía a pulseira identificativa do centro hospitalario. Así era Ceferino: íntegro, leal, e profundamente comprometido con



esta Cámara. E eu estoulle, persoalmente, moi agradecida por elo.

Comprenderán, polo tanto, que para o Parlamento de Galicia é unha honra albergar hoxe este acto.

Moitas grazas.